

Método de calibración do profesorado

As probas de calibración realízanse entre os profesores/as que imparten a mesma materia/módulo no mesmo nivel en grupos distintos.

MÉTODO:

Todo o profesorado dun mesmo módulo/materia (e nivel) sometido a calibración cualificará unha proba real (exame, práctica, exercicio...) elixida aleatoriamente: entresacaranse un máximo de tres e desas elíxese unha por nivel.

Desa proba faranse tantas fotocopias como profesores interveñan na calibración. Nas fotocopias non aparecerá o nome do alumno/a.

Xunto coa proba a cualificar facilitaranse os criterios a aplicar, decididos na sesión de homoxeneización.

O profesorado a calibrar cualificará a proba sen que poida consultarse ou influírse mutuamente.

O resultado da calibración plasmarase no informe de calibración (MD760101) que o/a xefe/a do departamento entregará a xefatura de estudos. Os datos máis concretos reflectiranse nunha acta de departamento.

Esta calibración deberá ser previa á corrección do resto dos exames do curso.

TOLERANCIA ACEPTABLE:

Para unha medición cuantitativa, nunha escala de 0 a 10 puntos, determínase que non pode haber máis dun punto de diferenza entre as notas extremas. Para exames con outras puntuacións aplicarase a escala porcentual correspondente.

Para unha medición cualitativa, considerarase aceptable se a cualificación se atopa dentro do mesmo grao.

VIXENCIA:

As probas de calibración terán unha vixencia de **3 cursos académicos**. Despois dos tres cursos terá que levarse a cabo unha nova calibración.

Sen prexuízo do criterio anterior, tamén se realizaría nos seguintes casos:

- Nos casos nos que se modifiquen os criterios de avaliación.
- Nos casos nos que se inicie a impartición dunha nova materia ou se modifique substancialmente unha existente.
- Nos casos en que se rexistren reclamacións ás cualificacións por parte dos alumnos/as.
- Nos casos nos que un novo profesor/a se incorpore á impartición dunha materia.